

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LUGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27.05.2022 ata o 16.12.2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.5, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.



Preténdese a adquisición de nove “tablets”, co fin de mellorar e axilizar a comunicación no seo da Federación tanto entre os membros dos seus órganos de goberno como entre estes e as distintas administracións coas que teñen que interactuar no desenvolvemento das súas funcións.

Como en anos anteriores a través das campañas denominadas “Mar de Lugo”, se pretende dar a coñecer a importancia da frota, a gran variedade e calidade sanitaria e gastronómica do produto, amén da súa excelente relación calidade-prezo. Por ser este 2022 ano electoral nas confrarías de pescadores de Galicia, centrarase no deseño e publicación dunha serie de folletos informativos que se distribuirán nas seis confrarías de pescadores existentes co fin de por en valor as funcións das confrarías de pescadores, a oferta de servizos que fan aos seus socios, así como poñer en coñecemento da cidadanía a estrutura de goberno das confrarías e a forma de eleccións dos membros dos seus órganos de goberno.

Que a Federación Provincial ten previsto organizar nos meses de outubro ou novembro unha nova edición do “Congreso da pesca artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste (CNW)” que serve para poñer en común as principais demandas do sector, mediante a xuntanza dos representantes sectoriais de todo o litoral do caladoiro Cantábrico Noroeste. Esta actividade enmárcase no obxectivo da mellora da competitividade da flota tradicional, buscando o reforzamento da actividade tradicional a fin de frear a continua redución da actividade nas comarcas con alta dependencia da pesca.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíase esta memoria , en Santiago de Compostela
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

